



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellobana.gal
www.concellobana.gal

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DE PRAZAS E FUNCIONAMENTO DO CAMPAMENTO DE VERÁN MUNICIPAL PARA MENORES DE IDADES DO CONCELLO DA BAÑA 2026

Artigo 1. Obxecto

Estas normas teñen por obxecto regular a convocatoria de prazas e o funcionamento do servizo de campamento de verán municipal para menores de idade no concello da Baña 2026, que se inclúe dentro do Programa de Conciliación Municipal, dende a finalización do curso escolar ata o inicio do curso escolar seguinte, período que comprende dende o 22 de xuño de 2026 ata o 8 de setembro de 2026.

Artigo 2. Definición do programa

O campamento de verán é un servizo que ten a función de ofrecerlles ás crianzas un espazo onde participar de actividades de carácter lúdico, social e educativo, ó mesmo tempo que facilitar e promover a vida laboral e familiar dos seus proxenitores e/ou titores legais.

Está dirixido a menores escolarizados entre 3 e 14 anos de idade, durante período que comprende dende o 22 de xuño de 2026 ata o 8 de setembro de 2026, coincidindo coas vacacións estivais das crianzas en horario de 8.00 h a 15.00 h.

Artigo 3. Persoas destinatarias. Características das persoas usuarias

Enténdense como persoas usuarias do servizo as/os responsables das rapazas e rapaces (persoa ou persoas que teñan atribuída a patria potestade, tutela ou representación legal, de acordo co Código civil e normativa complementaria) e os propios menores.

As idades dos menores estarán comprendida entre os 3 anos (escolarizados) e os 14 anos. A alta no servizo pódese solicitar cando se inicie ou con posterioridade, se hai prazas vacantes.

A baixa no servizo é libre e pódese presentar en calquera momento por escrito nas oficinas municipais encargadas de supervisar o servizo, segundo o establecido na convocatoria.

Artigo 4. Dereitos e obrigas das persoas usuarias

Son dereitos dos usuarios e usuarias do programa de actividades e de quen posúa a súa patria potestade:






CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- O acceso ó programa sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, incluído calquera tipo de diversidade funcional.
- A dignidade persoal, tanto por parte do persoal, como dos demais usuarios.
- Ser tratados con respecto e tolerancia baseados nos principios de igualdade e convivencia democrática.
- O sigilo profesional sobre os datos do seu historial persoal, sanitario, socioeconómico e familiar ao abeiro da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Deixar de asistir aos servizo por vontade propia.
- Ser informados, de xeito comprensible, das normas básicas de convivencia, hixiene e respecto mutuo e aos demais.

Son obrigas dos usuarios e usuarias do programa de actividades de conciliación e de quen posúa a súa patria potestade:

- Cumprir o regulamento e demais disposicións legais vixentes.
- Cumprir os trámites, prazos e requisitos necesarios para o uso do servizo.
- Estar ó día no pagamento dos servizos ofertados polo Concello da Baña. A existencia de débeda suporá a non admisión no servizo, a excepción dos casos concretos informados polos Servizos Sociais Municipais considerados de emerxencia social.
- Comunicar a baixa cando corresponda. No caso de que a baixa non sexa xustificada ou non se comunique cun mínimo de 5 días hábiles de antelación ao inicio da quincena correspondente, cobrarase a quincena completa. Se a baixa se produce durante a quincena e está debidamente xustificada, cobraránselle unicamente os días aos que o neno ou nena asistise; no caso contrario, cobrarase tamén a quincena completa.
- Responsabilizarse daquelas situacións en que, por motivos de saúde e malestar, sexa necesario a recollida do/a menor usuario/a dos servizos.
- Deberanse presentar informes médicos actualizados segundo estes lles sexan requiridos desde o Concello. En ningún caso se lle dará un trato especial a un/unha usuario/a sen o informe médico que o recomende e xustifique. Se un/unha menor ten que medicarse durante o desenvolvemento do programa, deberá traer o medicamento e unha autorización asinada polo pai, nai ou titores, e un informe médico no que se especifique a dose e o momento no que haberá que administralo. En ningún caso un/ha monitor/a lles administrará un medicamento aos/ás menores sen a autorización por escrito asinada polo pai, nai ou polo seu titor/a e un informe médico.
- Non poderán asistir os/as usuarios/as con febre, (38º rectal, 37,5º bucal, 37,2º axilar), diarrea, vómitos, ou enfermidades contaxiosas, (rubéola, papeiras, sarampelo, lombrigas, gastroenterite vírica, gripe, varicela, etc.) Non poderán asistir os/as usuarios que teñan piollos, ata que estes queden eliminados. De aparecerlle calquera síntoma das enfermidades anteriores, así co-





CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

mo de piollos, será posto en coñecemento dos pais/nais/titor/a para que recollan ao/á seu/súa fillo/a.

Artigo 5. Estrutura do servizo

O servizo está dirixido aos nenos e nenas do Concello da Baña que estean escolarizados no 2º ciclo de Educación Infantil ata os 14 anos de idade.

O campamento de verán oferta 70 prazas para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión. Este servizo desenvolverase por quendas. A primeira quenda será do 22 ao 30 de xuño; a segunda do 1 ao 15 de xullo, a terceira será do 16 ao 31 de xullo, a cuarta será do 1 ao 15 de agosto, a quinta do 16 ao 31 de agosto, e a sexta do 1 ao 8 de setembro. Quedan excluídos os sábados e domingos así como os días do calendario laboral marcados como festivos locais, autonómicos e estatais, que non se prestarán os servizos.

As actividades levadas a cabo serán de índole educativa e cultural, fomentarán o fortalecemento de valores como a solidariedade, a confianza, a cooperación; así como o respecto persoal e colectivo. Todo isto acompañado de actividades que promovan o completo desenvolvemento da crianza.

O servizo prestarase na área recreativa municipal de Chans, na Baña. En caso de condicións climatolóxicas adversas, as actividades trasladaranse a algunha das instalacións municipais a cuberto sitas en San Vicenzo (pavillón municipal, escolas vellas (Escola de Música Emilio Andujar), etc.).

Artigo 6. Inscripción

Establecerase un prazo de inscrición de 10 días hábiles dende a súa publicación na sede electrónica do Concello; todas as solicitudes presentadas fóra de prazo irán a unha listaxe de agarda.

As solicitudes deberán ser asinadas pola nai, pai ou titor/a legal do/a menor e presentaranse a través da sede electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello da Baña, en días laborais e en horario de oficina, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No suposto de que, transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e unha vez publicada a listaxe de admitidos definitiva, continuasen quedando prazas sen cubrir, calquera persoa interesada que cumpra co requisito relativo á idade de participación e presente a documentación requirida nas presentes bases, poderá solicitar a participación nas actividades de campamento.





CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Neste último caso, a admisión realizarase atendendo á orde de presentación de solicitudes ata cubrir o número total de prazas ofertadas. Consideraranse admitidos/as todos/as aqueles/as que cumprindo o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria e aboem as taxas.

Documentación:

Esta solicitude deberá vir acompañada dos documentos seguintes:

- Fotocopia do documento de identidade do/a menor.
- No seu caso, certificado acreditativo da necesidade de conciliación por motivos laborais dos pais/nais ou titores/as, mediante documento da empresa no que se indique o horario laboral. Este documento presentarase a efectos de valoración das solicitudes, de acordo cos criterios de conciliación establecidos.

No caso de ser admitido/a, no momento de formalizar a matrícula deberá presentarse a seguinte documentación:

- Xustificante de titularidade da conta bancaria.
- Informe médico, no caso de que o/a menor padeza algunha enfermidade que deba ser coñecida ou requira atención específica.
- Copia da tarxeta sanitaria do/a menor.

Artigo 7. Prezos públicos

As cotas serán aplicadas de acordo co determinado na correspondente ordenanza fiscal do ano 2025. Os/as usuarios/as realizarán o pagamento do servizo unha vez publicada a listaxe de admitidos definitiva, ou no caso de matriculacións extemporáneas, unha vez confirmada a súa inscrición; nun prazo de 5 días hábiles.

A falta de pago implicará a perda da praza e do dereito ó desfrute do servizo, correndo a lista de agarda á seguinte persoa que figura nela.

As persoas usuarias farán chegar o xustificante de pago dos prezos públicos ó departamento de Cultura a través da sede electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello da Baña, en días laborais e en horario de oficina, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para realizar o envío a través da sede electrónica, deberá seguir os seguintes pasos:





CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

1. Acceso á sede electrónica.
2. Apartado de actividades culturais e deportivas.
3. "Solicitud de inscrición no campamento de verán para menores de idade 2026".

Xunto co formulario deberá anexarse o correspondente xustificante de pagamento.

Indicarase no campo "Código de expediente" o seguinte: 2026/S012/000003

Indicarase no campo "Descrición do expediente ou proceso" o seguinte: Campamento de verán 2026 e as datas de inicio e final do período de desfrute do servizo.

Indicarase no campo "Observacións" o nome/s da/s persoa/s usuaria/s (nenos e/ou nenas inscritas no campamento de verán).

Importe do pagamento de prezos públicos con base na ordenanza:

CENSADOS			NON CENSADOS		
	Semana	Quincena		Semana	Quincena
1º fillo	20,00 €	40,00 €	1º fillo	30,00 €	60,00 €
2º fillo	16,00 €	32,00 €	2º fillo	22,50 €	45,00 €
3º fillo	10,00 €	20,00 €	3º fillo	15,00 €	30,00 €

O prezo da semana do 22 ao 30 de xuño será o equivalente a media quincena así como a semana do 1 ao 8 de setembro. Non será posible a matriculación e o pago por semanas agás para ese caso concreto do mes de xuño e setembro. O período ordinario de matriculación é a quincena.

No caso da baixa, será obrigatorio comunicala cun mínimo de 5 días hábiles de antelación ao inicio da quincena correspondente; se non se cumpre este prazo ou a baixa non está xustificada, cobrarase a quincena completa. Se a baixa se produce durante a quincena e está debidamente xustificada, cobraránselle unicamente os días aos que o neno ou nena asistise; no caso contrario, tamén se cobrará a quincena completa.

Excepcionalmente, naqueles casos nos que a unidade familiar, empadroada no concello da Baña na data da publicación da convocatoria, non conte cuns ingresos iguais ou superiores a dúas veces o IPREM (600,00) o departamento res-





CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ponsable emitirá un informe mediante o cal prezo público asumido pola persoa usuaria será o seguinte.

	Semana	Quincena
1º fillo	10,00 €	20,00 €
2º fillo	8,00 €	16,00 €
3º fillo	5,00 €	10,00 €

Artigo 8. Criterios de valoración, lista definitiva de admitidos e listaxe de agarda.

Condições e grados de prioridade para solicitar o servizo:

- Prioridade 1:
 - As crianzas para as que se solicita o programa deberán pertencer a unha unidade familiar empadroada na súa totalidade no Concello da Baña no momento de presentar a solicitude, ou, no seu defecto, que o pai, nai ou titor/a legal e o/a menor para o que se solicita a praza estean empadroados/as no concello cunha antigüidade mínima de 6 meses contados desde a data de publicación da convocatoria de prazas. Deberase acreditar a necesidade de conciliación da vida laboral e familiar mediante a presentación dos correspondentes xustificantes de traballo de ambos os titores/as legais.
 - Menores que sexan fillos/as do persoal que presta servizo no Concello da Baña. Débese acreditar a necesidade de conciliación de vida laboral e familiar presentando o debido xustificante de traballo de ambos titores legais.
 - Casos suxeitos a valoración por parte do departamento de Servizos Sociais do concello da Baña.
- Prioridade 2:
 - Crianzas censadas no municipio que non acrediten necesidade de conciliación. As crianzas para as que se solicita o programa deberán pertencer a unha unidade familiar empadroada na súa totalidade no Concello da Baña no momento de presentar a solicitude, ou, no seu defecto, que o pai, nai ou titor/a legal e o/a menor para o que se solicita a praza estean empadroados/as no concello cunha antigüidade mínima de 6 meses contados desde a data de publicación da convocatoria de prazas.
- Prioridade 3:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- Crianzas non censadas no municipio e que, no seu caso, presenten necesidade de conciliación por parte da nai, pai ou titor/a legal. Esta necesidade deberá acreditarse mediante a presentación do correspondente xustificante de traballo.

- Prioridade 4:
 - Crianzas non censadas no municipio e que non acrediten necesidade de conciliación.

A unidade familiar deberá estar ao día no pagamento de todos os servizos municipais do Concello da Baña e, con carácter xeral, non manter débedas co Concello nin con ningunha outra Administración pública, agás nos casos informados polos Servizos Sociais municipais como situacións de emerxencia social.

Publicarase a lista provisional de admitidos/as nas oficinas municipais do Concello e na páxina web municipal. Concederase un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións. Unha vez resoltas estas, publicarase a lista definitiva de admitidos/as.

As solicitudes de irmáns/as tramitaranse conxuntamente. No caso de que algún irmán/á obteña praza e o outro/a non, os pais, nais ou titores/as legais poderán optar por aceptar só unha das prazas, ou rexeitar a adxudicación, pasando neste caso a cubrirse a praza coa seguinte persoa da lista de agarda.

As inscricións presentadas fóra de prazo incorporaranse á listaxe de agarda, situándose a continuación das presentadas dentro do prazo establecido.

No caso de empate dentro dunha mesma prioridade, atenderase á orde de rexistro de entrada da solicitude.

Artigo 9. Organización. Persoal municipal e persoal contratado para a prestación do servizo de campamento de verán

A organización do servizo de conciliación responde aos seguintes parámetros, así como ás determinacións establecidas na documentación que rexe o contrato de servizo entre o Concello da Baña e a empresa adxudicataria:

1. O persoal municipal responsable do programa encargarase da valoración e avaliación do deseño e das características da prestación do servizo, actuando como responsable da súa supervisión, así como das modificacións que se consideren necesarias e da súa avaliación final.
2. Establecerase unha coordinación periódica e un seguimento continuado entre o persoal municipal responsable do programa e o persoal técnico da empresa adxudicataria. Para tal efecto, asignarase un/unha coordinador/a





CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

que contará coa cualificación e coñecementos técnicos necesarios para o servizo.

3. O persoal municipal supervisará en todo momento a execución e a calidade dos servizos prestados.
4. O servizo incluírá as accións que se relacionan a continuación, que deberán adaptarse ás características das crianzas e estarán a cargo do monitorado coa cualificación profesional esixida:
 - o Garantir hábitos adecuados de hixiene.
 - o Realizar o seguimento individualizado da rapazada con necesidades específicas ou dificultades de adaptación.
 - o Planificar e desenvolver actividades lúdico-educativas, garantindo o seu correcto desenvolvemento.
 - o Manter o contacto coas familias e informarlles, así como ao Concello, das incidencias que se produzan.
 - o Controlar a asistencia e as ausencias dos nenos e nenas participantes.
 - o Custodiar a documentación persoal das persoas usuarias do servizo.
 - o Deixar recollidas as instalacións e limpo o mobiliario e os materiais utilizados, así como os espazos empregados para a realización de actividades complementarias.
 - o Facilitar ao persoal responsable municipal toda a documentación requirida para o desenvolvemento do servizo, así como informar do seu funcionamento e das incidencias que se produzan.
 - o Realizar aquelas outras funcións que lle sexan atribuídas polo Concello para o correcto funcionamento do servizo.

Artigo 10. Finalización da prestación do servizo e supostos extraordinarios

Serán causas de baixa no servizo as seguintes:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.
- Solicitud da persoa responsable do/a menor.
- Comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados, con independencia das responsabilidades administrativas e/ou penais que se poidan derivar da dita conduta.
- Falta de asistencia continuada sen causa xustificada superior a 5 días consecutivos ou 8 días alternos.
- Falta de pagamento das cotas establecidas na ordenanza reguladora do prezo público.
- O Concello da Baña resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva do servizo para aqueles/as menores que presenten un comportamento incorrecto ou cando as persoas responsables incumpran as normas de funcionamento do servizo.

Artigo 11. Protección de datos

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RGPD 2016/679 y LOPDGD 3/2018)





CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESPONSABLE DO TRATAMENTO: CONCELLO DA BAÑA

FINALIDADES DO TRATAMENTO: A xestión da súa solicitude e matrícula do menor no campamento de pernoita;

LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO: Consentimento da persoa interesada (artigo 6.1,a de o RGPD), o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD) e o consentimento de menores de 14 anos (artigo 7.2 da LOPDGDD);

DESTINATARIOS DOS DATOS: A empresa encargada da xestión e realización do campamento;

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas finalidades do tratamento e coas obrigacións legais do Responsable;

EXERCICIO DE DEREITOS: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da súa sede electrónica na sección de [Protección de Datos](#);

CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL: dpd@concellodabana.gal

Disposición final

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación nos medios oficiais e na páxina web do Concello da Baña.

